



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO CON DATA 28 DE XUÑO DE 2024

En Cerdido, sendo as 20:30 horas do día 28 de xuño de 2024 reúnen-se na Casa do Concello, ao obxecto de celebrar a sesión pública extraordinaria e en primeira convocatoria.

Preside: D. Alberto Rey Paz

Asisten:

D^a. María Amalia Díaz Rodríguez
D. Darío Santalla López
D. Diego Graña Pérez
D. Brais Prieto Verdial
D. Julián Blanco Rodríguez

Ausencias:

D. Jose Manuel Luaces Piñón
D^a Rocío Martínez Martínez
D^a María de los Dolores Pita Anca

Secretaria-interventora: María del Carmen Sanmillán Villar

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na ORDE DO DÍA:

1.- Aprobación das actas dos plenos 29/04/2024 e 13/05/2024.

Votos a favor:

D. Alberto Rey Paz
D^a. María Amalia Díaz Rodríguez
D. Darío Santalla López
D. Diego Graña Pérez
D. Brais Prieto Verdial
D. Julián Blanco Rodríguez

Votos en contra: ningún

Abstencións: ningunha

2.- Relación de decretos de Alcaldía.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando se hai algunha dúbida ou comentario ao respecto.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



- D. Brais pregunta polo decreto 94/2024 relativo á política de sinatura electrónica do Concello de Cerdido.
- D. Alberto resposta que son as normas relativas aos certificados electrónicos e sinatura electrónica esixibles no Concello. E pide a explicación da secretaria-interventora quen fai a oportuna explicación.
- D. Brais pregunta polo decreto 99/2024 relativo á planificación enerxética.
- D. Alberto resposta que se trata do contrato coa empresa Giga para facer un estudo enerxético do Concello: instalacións, placas solares e incluso van a estudar o cambio de potencia do alumeadado público. Trátase dun contrato por valor de 6.050 euros.
- D. Brais pregunta polo decreto 100/2024, relativo ao reintegro da subvención do RISGA.
- D. Alberto expón que trátase da subvención de 20219 pola que se contrataron persoas perceptoras da RISGA da que non se xustificou todo, somentes unha parte. Faltaron por xustificar 1.181 euros que houbo que devolver. Contratouse unha traballadora no 2019 con esta subvención.
- D. Brais pregunta polo decreto 104/2024 relativo ao GDR 2024.
- D. Alberto explica que se trata da Asociación Seitura, asociación na que levan anos na Comarca de Ferrolterra e que se adica a pedir subvencións para actividades e incluso de obras, subvencións a nivel europeo. A Cerdido correspóndenlle 700 e pico euros de pago.
- D. Brais pregunta polo decreto 108/2024 relativo ao APROL rural. Pregunta se o traballador se incorporou.
- D. Alberto resposta que sí, que lle tocou a Nicasio.
- D. Brais pregunta polo decreto 118/2024 relativo á corrección de erros doutro decreto relativo á aprobación de pago de facturas.
- D. Alberto expón que o erro consistiu en dúas certificacións de obra que poñía o que había que pagar, nas que había un erro na redacción.
- D. Brais pregunta polo decreto 120 e tamén o 121 relativo ao procedemento abreviado de Diego Rodríguez e Paula Díaz, reclamando a produtividade. Pregunta se se chegou a algún acordo con eles.
- D. Alberto resposta que sí, que se chegou a acordo.
- D. Brais pregunta pola parte proporcional da paga extra que deixaron de percibir as auxiliares do SAF que estiveron de baixa. Pregunta qué se lles debía.
- D. Alberto resposta que a maioría reclamaron cando entraron eles e que reclamaron un ano anterior.
- D. Daría sinala que había algunha con dous anos.
- D. Alberto resposta que só se lles puido pagar o anterior á reclamación, e que faltaba por cobrar a paga de decembro de 2023 en algunha traballadora.
- D. Brais pregunta polo decreto 123, D. Alberto di que é o mesmo.
- D. Brais pregunta polo decreto 128 relativo ao contrato menor de obra do campo de fútbol. D. Alberto resposta que é o taqueado do campo.
- D. Brais pregunta se van a rematar e D. Diego resposta que sí, que van a rematar esta semana. Que primeiro escarifican, despois taquean, sembran e abonan. Son case 10.000 euros.
- D. Brais pregunta polo decreto 138 relativo aos horarios de persoal.
- D. Alberto explica que se está en negociación para definir o horario de todo o persoal e as horas de traballo, os horarios e o control horario. Establecerase un sistema de fichaxe.
- D. Brais pregunta polo decreto 141 relativo ao envellecemento activo.
- D. Alberto resposta que se pediu hai un mes, se se pode cubrirá o o curso da casa da cultura de ximnasia e de memoria.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



D. Brais pregunta polo decreto 147 relativo á convocatoria de selección de persoal. Pregunta cándoo se incorporan.

D. Alberto resposta que a idea é que o martes. Falta chamalas e contratalas, darlles a formación en prevención e despois teñen que ir ao recoñecemento.

Son todos a xornada completa, dous a 5 meses e 1 a 3 meses.

D. Brais pregunta polo decreto 148 relativo ao contrato menor de socorrismo de piscina.

D. Alberto resposta que se contrata a mesma empresa que facía Benigno e que hai unha subvención para este tema.

D. Brais pregunta pola deshumectadora da piscina, cando se vai empezar.

D. Alberto resposta que non se atreve a dicir nada, que para despois do verán espérase.

D. Brais pregunta polo decreto 150 relativo ao contrato menor de servizos de telefonía.

D. Alberto expón que se cambia de Telefónica a Vodafone porque ofrece un prezo máis barato.

Firmouse o contrato con Duatel para todo o servizo do Concello e rede wifi do Castro. É un contrato de 26.000 euros.

D. Brais pregunta se na piscina hai un operario. D. Alberto di que está Vituco axudado por un PEL ou APROL.

3.- Rogos e preguntas

D. Brais pregunta pola obra de auga de Piñeiro a Penadovico.

D. Alberto di que foi unha obra que atopamos facendo a zanja para meter a fibra e pedímoslle para meter a auga e non ter nos que levar a pala. Esa é a factura de Viaqua. Foi apurado porque querían pechar a zanja. Viaqua enviou o orzamento . Foron a facer o traballo e non deu tempo e fíxose primeiro o traballo e despois fíxose o contrato. Falta o decreto de adjudicación. A obra costou 9000 e pico euros. Pero se non aproveitamos a zanja de Telefónica serían uns 20.000 euros de obra. Tivemos que contratar unha retroexcavadora de aluguer porque Telefónica non quixo esperar para pechar a zanja.

D. Brais pregunta polo informe de intervención que non se lles enviou.

D. Alberto di que se lle pasou. D. Brais resposta que xa está acostumado a que non se lle resposte.

D. Brais pregunta pola praza de administrativo, pregunta en qué estado está.

D. Alberto di que non sabe, que o proceso non está iniciado. O que gañe a praza quedaría no posto de Daniel.

D. Brais pregunta pola praza de arquitecto que non está cuberta.

D. Alberto expón que en Estudio Técnico os mércores pola mañá, que a eso non se lle tocou nada. Siguen levando o traballo dos proxectos e das memorias.

D. Julián intervén dicindo que as pistas amañandas seguen tendo herba polo medio. As de Barrosa, Barbas teñen herba polo medio.

D. Alberto di que están sen certificar. Ten que vir o director de obra e dicirlle que está mal e o que falta por facer.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



D. Julián pregunta pola subvención contra incendios.

D. Alberto di que está solicitada pero que non se sabe nada, que están tardando moito.

D. Julián pregunta qué cantidade é.

D. Alberto di que o ano pasado foron 26.000 euros e que este ano a idea é solicitar o máximo. Que hai que licitalo, publicalo, e que así vaise a limpeza a Agosto ou Setembro. Por eso fíxose con contrato menor.

D. Brais pregunta pola subvención da Xunta de corrección de impactos paisaxísticos.

D. Alberto expón que se solicitou para fontes e lavadoiro, pero que se perdeu porque no momento de solicitala xa non quedaba crédito.

D. Brais pregunta pola limpeza das franxas. Comenta que en canto se tivo coñecemento de que estaban a chegar as cartas podíase convocar unha reunión para informar. Pregunta se todo isto ven porque se asinou un convenio con eles.

D. Alberto resposta que sí, un convenio con Fegamp e Xunta no ano 2021.

D. Brais sinala que se desde outubro xa se sabía que se lle ía obrigar aos propietarios e que lles ían chegar cartas, o seu sería facer unha charla informativa.

D. Alberto di que iso é alertar de máis a xente que non ten que limpar nada.

D. Brais pregunta se antes de enviar as cartas se puxeron en contacto contigo para este tema. D. Alberto resposta que sí.

D. Brais di que si o sabes desde outubro non é alarmar aos veciños convocando unha reunión. Di que non é fácil de saber se é dende a casa ou dendo o núcleo.

D. Diego di que a maioría da xente pensa que é dende a casa, pero é dende o núcleo.

D. Brais pregunta se é posible unha reunión coa Dirección Xeral de Montes, que os veciños reclaman un incremento de prazo. Tamén pregunta cómo lles deu por facelo agora.

D. Alberto resposta que a lei é de 2007, e que estase acutando en firme en 100 concellos. Este ano son 45 na provincia da Coruña.

A continuación D. Alberto toma a palabra sinando que hai cousas que quere aclarar en relación coa situación económica do Concello continuando co tema xa falado.

A 1 de xaneiro de 2023 había 564.239 euros. Durante os seis primeiros meses ingresáronse 523.600 euros e gastáronse 932.000 euros. Co que o saldo bancario a 16 de xuño de 2023 era de 550.721.

Quedaba por facer frente a obra do alumeadado público de 230.500 euros, quedando por pagar 148.000 euros o que fai un total de pagos de 372.000 euros.

En vista desta situación Benigno contratou o crédito de 150.000 euros por si non había cartos para pagar nóminas ou facturas.

D. Brais di que o saldo é a finais de ano, hai que facer a conta a finais de ano, no a metade do ano. A final de ano igual quedan 200.000 euros por arriba.

D. Alberto di que os remanentes son a 1 de xaneiro e a 16 de xuño poden estar gastados, incorporados, etc.

D. Brais sinala que os remanentes poden vir en decembro. Benigno contratou o crédito por se non chegaban os cartos. O gasto en remanentes, o que se gastou, quitouse de ahí para pagar a luz. Do alumeadado pagouse todo o ano pasado, en outubro do ano pasado.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



D. Brais sinala con respecto ao servizo de madrugadores, que o colexio a través de Abalar publicou a convocatoria e a día de hoxe non teñen contestación de ningunha familia.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión sendo as 21:19 horas, do que eu coma Secretaria-inteventora dou fe.

Asinado: A Secretaria-interventora

M^a del Carmen Sanmillán Villar